

---

# UNIVERSOS PARALELOS

XOVES 21 MAIO 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Zoe Zeniodi, directora

Esteban Batallán, trompeta

CONVERSANDO CON...

Zoe Zeniodi, Esteban Batallán

e Nuria Núñez Hierro

Sala Mozart, 19.45 h

---

# HISTORIAS

REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA

2025/26  
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



# PROGRAMA

I.

BRITTA BYSTRÖM (1977)

Parallel Universes\*

JOHANN NEPOMUK HUMMEL (1778-1837)

Concerto para trompeta en Mi bemol maior

*Allegro con spirito*

*Andante*

*Rondo*

II.

NURIA NÚÑEZ HIERRO (1980)

Sismos\*\*

ARTHUR HONEGGER (1892-1955)

Sinfonía núm. 2, H153

*Molto moderato - Allegro*

*Adagio mesto*

*Vivace; non troppo*

*\*Estrea en España*

*\*\*Encarga da RFG (Proxecto Cometas). Estrea absoluta*

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino  
Adriana Winkler, axuda de concertino  
Anca Smeu \*\*  
Ildiko Oltai  
Anna Alexandrova  
Victoria Jurov  
Michal Ryczel  
Yulia Petrushevskaya  
Ilya Fisher  
Leticia Herranz

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Elina Viksne  
Kiyoko Ohashi  
Enrique Roca  
Samira Ajkic  
Irina Gruia  
Gyula Vadaszi  
Daniel Kordubaylo  
Catarina Barbosa \*\*\*

## VIOLAS

Natalia Madison \*  
Timur Sadykov \*\*  
Anne Schlossmacher  
Iriana Fernández  
Inmaculada Muedra \*\*\*

## VIOLONCELLOS

Irene Alvar (R) \*  
Thomas Piel\*\*  
Carlos García  
Manuel Lorenzo  
Fabio Arias  
Nicolás Casamayor \*\*\*  
Nicolás Concheiro \*\*\*

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador del Pozo  
Nicolás García \*\*\*

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Carmen Ferreiro (R)

## ÓBOES

Christina Dominik \*  
Esther Viúdez \*\*

## CLARINETES

Beatriz López \*  
Vicente López \*\*

## FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

## TROMPAS

Jordi Ortega \*  
Xavier Ramón \*\*  
Alfredo Varela \*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

## TIMBAL/PERCUSIÓN

José Vicente Faus \*

## PERCUSIÓN

J. Antonio Vázquez (R)

## ARPA

Coral Tinoco (R)

# ZOE ZENIODI

## DIRECTORA

Zoe Zeniodi dirixiu a ROSS (Real Orquesta Sinfónica Sevilla), a Orquesta Nacional de Avignon Provence, a Filharmónica de Bremen, a Orquesta Sinfónica de Porto Alegre, a Banda Sinfónica de Montevideo, a Orquesta Nacional de Colombia, a Orquesta Nacional de Tatarstán, a Orquesta Nacional de Vietnam, a Filharmónica do Sur de Bohemia, a Orquesta Sinfónica de Chipre, a Filarmónica de Bogotá, a Filharmónica de Brno, a Olympia Symphony Orchestra, a Orquesta Mozart de París, a Palm Beach Symphony e a Orchestra Classica Toscana, entre moitas outras.

Dirixiu en auditorios como Philharmonie de París, Teatro Colón e Carnegie Hall. Colaborou con artistas como Sir Stephen Hough, Vadim Gluzman, Homero Francesch e Lise de la Salle.

Como directora asociada, Zoe Zeniodi participou en producións e concertos coa Los Angeles Opera, a Lyric Opera of Chicago, a Philharmonia Orchestra, a Orquesta de París, a Santa Fe Opera, a Orquesta Gürzenich de

Colonia e a Orquesta de Castilla y León. O seu traballo con orquestras xuvenís levouna tamén a colaborar coa Academia Jovem Concertante, a Orquesta Juvenil de Bogotá, a Florida Youth Orchestra, a Greater Miami Youth Symphony e diversos programas inspirados no Sistema.

A directora grega foi bolseira do programa Taki Alsop Conducting Fellowship, membro do Hart Institute of Women Conductors e integrante de La Maestra Academy da Philharmonie de París.

O documental *Maestra*, centrado na súa vida e traxectoria profesional, estreouse no Tribeca Film Festival de Nova York e obtivo o premio do público ao segundo mellor documental, ademais doutros numerosos galardóns en festivais internacionais de cinema. Actualmente está dispoñible en Netflix.

Entre os seus cargos artísticos anteriores destacan os de directora artística do Thessaloniki Concert Hall, directora principal da Greek-Turkish Youth Orchestra, directora principal convidada do festival de

música contemporánea *Asia-Europe* de Hanoi, directora titular da MOYSA, directora asistente da Florida Grand Opera, directora musical e artística da Broward Symphony Orchestra e da Alhambra Orchestra, directora musical asociada do Festival of the Aegean, asesora artística deste mesmo festival, directora artística do ciclo anual *Consonances* para a Asociación de Bolseiros da Fundación Onassis e directora asociada da Frost Symphony Orchestra.

Realizou gravacións para a Radio Nacional Grega como pianista e como directora, promovendo especialmente a música contemporánea de compositores gregos. Publicou sete gravacións de música contemporánea estadounidense, incluíndo varias estreos mundiais de Thomas Sleeper e o ciclo de cancións *An American Dream* de Frank Ticheli (Albany Records, Uroboros Music e Puzzlemusik). Ademais, participou en prestixiosas clases maxistras nas que dirixiu a Cleveland Orchestra, a Orquestra de Cámara de París e a Stockholm Sinfonietta.

Zoe Zeniodi é doutora en Artes Musicais e posúe un Artist Diploma en Dirección Orquestral pola Universidade de Miami. Estudou piano e piano acompañante no Royal College of Music de Londres e na Universidade Mozarteum de Salzburgo, onde obtivo títulos de grao e mestrado, así como diplomas de posgrao e posgrao superior. Durante os seus estudos recibiu bolsas e axudas da Fundación Alexandros Onassis, da Friends of Music Society, da Fundación Propondis, do Royal College of Music e da Universidade de Miami.

Como pianista, Zoe Zeniodi actuou en importantes salas e festivais de Inglaterra (Royal Festival Hall, St John's Smith Square, St James's Piccadilly, Snape Maltings), Francia (festivais de Montpellier e Guibwiller), Alemaña (Ópera de Frankfurt, Festival de Rheinsberg, Halle, Kiel, Leipzig, Düsseldorf, Dortmund, Berlín e Colonia), Croacia (Lisinski Concert Hall), Rusia, Austria, Bélxica, Holanda, Grecia, Italia, Venezuela, Mauricio e os Estados Unidos.

# ESTEBAN BATALLÁN

## TROMPETA

Esteban Batallán foi nomeado trompeta principal da Chicago Symphony Orchestra en 2019 polo seu director musical Riccardo Muti. Anteriormente ocupou o posto de trompeta principal na Hong Kong Philharmonic Orchestra durante a tempada 2018-19 e na Orquesta Ciudad de Granada entre 2002 e 2018. Tamén exerceu como trompeta principal convidado na Real Orquesta Sinfónica de Sevilla entre 2010 e 2014 e na Orchestra del Teatro alla Scala e na Filarmonica della Scala en 2015 e 2018.

Batallán colaborou tamén con destacadas orquestras sinfónicas de todo o mundo, como a Royal Concertgebouw de Ámsterdam, a Philadelphia Orchestra, a English Chamber Orchestra, a Royal Philharmonic Orchestra, a Gstaad Festival Orchestra, a Orquesta Sinfónica de Basilea, a Houston Symphony e a Symphony Orchestra of India, entre outras.

Ao longo destes anos actuou baixo a dirección de mestres da talla de Jaap van Zweden, Zubin Mehta, Bernard Haitink, Herbert Blomstedt,

Michael Tilson Thomas, Christian Thielemann, Klaus Mäkelä, Jakub Hrusa, Paavo Järvi, Yannick Nézet-Séguin, Daniele Gatti, Vladimir Ashkenazy, Riccardo Chailly, Alan Gilbert, Fabio Luisi, Charles Dutoit, Lahav Shani e Giancarlo Guerrero.

Tamén actuou como solista coa Chicago Symphony Orchestra, a Orquesta de Cámara de París, a Hong Kong Philharmonic Orchestra, a Orquesta Ciudad de Granada, a Orquesta Sinfónica de Radio-Televisión Española, a Real Filharmonía de Galicia, a Joven Orquesta Nacional de España, a Gstaad Festival Orchestra, a Geneva Camerata, a Symphony Orchestra of India e coa Orquesta Sinfónica de Bilbao nunha ampla variedade de obras, incluíndo concertos escritos para el, ademais de interpretar as súas propias composicións. En 2021, Batallán estreou unha peza composta e dedicada a el polo seu amigo e recoñecido trompetista Arturo Sandoval titulada *Mr. Batallán*.

Foi gañador de prestixiosos concursos nacionais e internacionais, entre eles

o Concurso Juventudes Musicales de España (2001), o Concurso Nacional de Trompeta Yamaha-Xeno (2002), o Concurso Europeo Juventudes Musicales Internacional (2003) e o Concurso Internacional Yamaha (2003). Tamén foi premiado no Concurso Internacional de Trompeta Maurice André-Ville de París no ano 2006.

Natural da localidade de Barro, en Galicia, Esteban Batallán comezou os seus estudos musicais aos sete anos na Escola de Música da súa vila natal. Continuou a súa formación no Conservatorio de Música de Pontevedra e no Conservatorio Superior de Música de Vigo baixo a supervisión do mestre Javier Viceiro. En 1999 ingresou na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, onde recibiu clases do mestre Javier Simó. No ano 2000 foi seleccionado como membro da Joven Orquesta Nacional de España (JONDE).

No ámbito da docencia, foi profesor da Joven Academia de la Orquesta Ciudad de Granada durante dezaseis anos e profesor convidado na Colburn School,

New England Conservatory, Conservatoire de París, Vanderbilt University, University of Illinois, Rice University, Curtis Institute of Music, Cleveland Institute of Music e University of Houston. Ademais, dirixiu ensembles de metal na Joven Orquesta Nacional de España, na Joven Orquesta de Andalucía, na National Youth Orchestra dos Estados Unidos, na Hong Kong Academy for Performing Arts, no Taipei Music Academy & Festival, así como noutros festivais arredor do mundo. Foi profesor no Chicago College of Performing Arts da Roosevelt University entre 2020 e 2022.

Actualmente, Esteban Batallán é membro do departamento de trompeta da DePaul University e profesor da Civic Orchestra of Chicago.

# NOTAS AO PROGRAMA

## UNIVERSOS PARALELOS

Esta noite a Real Filharmonía presenta un novo concerto da presente temporada Historias que toma o seu título dunha das obras que se interpretarán: *Universos Paralelos*. Neste programa teremos ocasión de escoitar catro obras de estilos diversos: a estrea absoluta dentro da serie Cometas de *Sismos*, breve peza de Nuria Núñez Hierro, a estrea en España da xa mencionada *Universos Paralelos* de Britta Byström, o mítico *Concerto para trompeta en Mi bemol maior* de Johann Nepomuk Hummel e por último, a *Sinfonía núm. 2, H 153* de Arthur Honegger.

A primeira obra que escoitaremos é *Universos Paralelos* da compositora sueca Britta Byström (1977). Nada en Sundsvall, iniciou os estudos musicais como trompetista e posteriormente formouse en composición na Real Universidade de Música de Estocolmo con Pär Lindgren e Bent Sorensen. A compositora ten recibido premios como: Premio da capo da Bienal de Brandenburgo (2014), o Elaine Lebenbom Memorial Award for Female Composers (2016) así como nomeamentos no International Rostrum for Composers ou o Dora de Canadá. Byström compón xéneros diversos como música de cámara,

música vocal, orquestral ou ópera e entre os seus títulos máis destacados podemos sinalar: o concerto para viola *A walk after dark*, o ciclo de cancións *Notes from the city of the sun*, ou o concerto para violín *Shortening Days*, escrito para a famosísima Janine Jansen. O seu estilo aproxímase ao impresionismo, cunha especial atención ao son e unha gran sensibilidade pola resonancia musical. Dende 2016, Britta Byström é membro da Real Academia Sueca de Música.

*Universos Paralelos* foi un encargo dos BBC Proms para celebrar o 150 aniversario do Royal Albert Hall e estreouse en agosto de 2021 coa Orquestra Filharmónica da BBC baixo a batuta de John Storgards. A obra está inspirada nas teorías expostas polo cosmólogo Max Tegmark na súa obra *O noso universo matemático. A miña busca da natureza última da realidade* escrito en 2014. Neste traballo Tegmark presenta a súa idea sobre universos paralelos nos que poderíamos atopar copias exactas de nós mesmos e describe catro niveis de «multiversos» (conxunto hipotético de múltiples universos): nivel 1 (número infinito de universos), nivel 2 (número infinito de multiversos), nivel

3 (cada novo suceso crea un novo universo) e nivel 4 (por cada cousa que podería ter ocorrido créanse millóns de novos universos, cada un coa súa propia configuración). Byström sinala: «intentei plasmar as teorías de Tegmark na música, utilizando técnicas compositivas e orquestrais para crear unha especie de música multiversal. Por exemplo, na peza atópanse numerosos cánones e moitos motivos musicais que, ata certo punto, son idénticos, pero que logo se desenvolven en distintas direccións. Pódense observar diferentes capas orquestrais que rotan simultaneamente como se estiveran nos seus propios sistemas solares, e tras unha capa aparece outra, e tras esa, outra, e así ata o infinito. Aquí utilicei a serie infinita, un método compositivo inventado polo danés Per Norgard». A forma da peza tamén se debe ao modelo de Tegmark, xa que consta de catro partes diferentes interpretadas sen pausa, chamadas “Multiverso nivel I, II, III e IV” respectivamente.

A continuación, escoitaremos o *Concerto para trompeta en Mi b maior* de Johann Nepomuk Hummel (1778-1837), compositor natural de Pressburg (actualmente Bratislava) morto en Weimar en 1837. Podemos consideralo un autor de transición entre o Clasicismo e o Romanticismo como da boa mostra o concerto que hoxe nos ocupa. Durante a infancia foi considerado un neno prodixio e os

seus primeiros pasos na música foron da man do seu pai. Posteriormente, estudou con importantes compositores da época entre os que cabe salientar a Mozart e Salieiri. Ao longo da súa traxectoria gañou o favor do público como reputado pianista e traballou como mestre de capela na corte do príncipe Eszterhazy (sucendendo a Haydn) –anos despois ocupou o mesmo posto en Stuttgart e Weimar-. Entre os seus alumnos podemos destacar a Czerny ou Mendelssohn. Dentro do seu catálogo predomina unha abundante obra para piano ademais de cinco misas, cinco óperas ou seis ballets que porén, non adoitan a programarse demasiado na actualidade.

O *Concerto para trompeta en Mi b maior* é un dos máis célebres dentro dos escritos para este instrumento. Hummel compuxo este concerto para o virtuoso austríaco Anton Weidinger, inventor da trompeta de chaves, un instrumento capaz de realizar cromatismos e que supuxo unha gran novidade naquel momento. A obra foi escrita en decembro de 1803 e tocada por primeira vez o día de ano novo de 1804, coincidindo coa entrada de Hummel como sucesor de Haydn na corte do príncipe Nikolaus II de Esterhazy. Crese que Weidinger fixo algúns cambios na partitura, especialmente no segundo movemento, para facilitar a execución. A peza orixinal estaba escrita en Mi maior, pero agora o máis frecuente é tocala en Mi b maior por

unha mellor adaptación ás trompetas modernas en Mi b e Si b. Consta de 3 movementos: *Allegro con spirito*, *Andante* e *Rondo*. O primeiro presenta unha forma sonata (coas tres seccións características: exposición, desenvolvemento e recapitulación), o segundo caracterízase por un ton elexiaco e por certas influencias de arias de ópera e o terceiro, encadeado ao anterior, destaca polo seu virtuosismo e por estar máis próximo ao novo estilo romántico.

A seguinte obra que interpretará a orquestra é *Sismos* de Nuria Núñez Hierro (1980), compositora andaluza natural de Xerez da Fronteira. A súa formación comezou no Conservatorio Superior de Córdoba e posteriormente trasladouse a Berlín onde realizou un Mestrado en Composición na Universität der Künste coas profesoras Elena Mendoza e Iris ter Schiphorst. Así mesmo, ampliou aprendizaxe en prestixiosos cursos e festivais con mestres como José María Sánchez Verdú ou Rebecca Saunders entre outros. Ao longo da súa traxectoria recibiu distintas distincións entre as que podemos destacar: XXXIX Premio de Composición Reina Sofía, Premio de Roma, Premio de Composición CDMC do INJUVE e importantes bolsas como a Residencia artística en Villa Aurora (Os Ánxeles), Bolsa de posgrao na Universidade das Artes de Berlín ou Beca Leonardo da Fundación BBVA. No seu catálogo atopamos obras para distintas

formacións nas que se realiza unha exploración entre a dualidade intérprete/instrumento e as relacións que se establecen entre eles. Algunhas características do seu estilo son: o uso de técnicas estendidas nos instrumentos (é dicir, formas non convencionais de tocar os mesmos), novas maneiras de comunicación co oínte e unha concepción da música inspirada no comportamento dos seres vivos e especialmente nas redes animais. Núñez Hierro desenvolve ademais unha importante actividade pedagóxica a nivel universitario e un forte compromiso coa creación de novos públicos con moitas iniciativas dirixidas a nenos e adolescentes.

A compositora explica así o seu novo traballo: «A obra *Sismos* inspírase nos procesos de acumulación e liberación de enerxía e retorno ao estado de estabilidade que regulan este tipo de movementos. Nela, a orquestra traza pasaxes nas que os elementos tímbricos se suman en número, vólvense inestables (con cambios, por exemplo, en canto á presión de arco nos instrumentos de corda), defórmanse (aplicando trémolos dobres ou multifónicos nos instrumentos de vento madeira), libéranse de masa (trazando liñas individuais) ou conforman superficies multiestratificadas con sutís cambios de dinámicas. Xérase así unha paisaxe imaxinaria habitada non só por notas afinadas senón tamén por rúidos residuais, como un mapa que

contén o espazo onde habitan os sons abertos en cada instante en constante movemento de creación e destrución».

A última obra do programa é a *Sinfonía núm. 2, H153* de Arthur Honegger (1892-1955). O compositor naceu en Le Havre (Francia) en 1892 e morreu en 1955 en París, aínda que era fillo de pais suízos. Formouse no conservatorio de París onde tivo como mestres a Capet (violín), Gédalge (contrapunto e fuga), Widor (composición) e Vincent d'Indy (dirección de orquestra). Neste centro educativo coñeceu a Darius Milhaud con quen formaría o coñecido como Grupo dos seis (termo acuñado por un crítico francés que recorda ao Grupo dos 5 rusos, representantes do nacionalismo daquel país) xunto aos compositores Georges Auric, Louis Durey, Francisc Poulenc e Germaine Tailleferre. Os modelos intelectuais de todos eles foron o artista Jean Cocteau e o músico Eric Satie e aínda que en liñas xerais avogaron por unha música que poderíamos considerar neoclásica, cada un desenvolveu o seu propio estilo e estética. Algúns dos referentes comúns foron o *jazz*, o *concert-hall*, o *cabaret* e a idea da busca dunha música directa e sinxela que chegara ao espectador. Honneger chamouse a si mesmo artesán e músico popular afirmando que «a música deber ser directa, sinxela e de gran ritmo; o pobo rise da técnica e o refinamento». Algunhas das súas obras máis coñecidas son *O rei David*,

*Pacífico 231* ou *Xoana na fogueira* e tamén escribiu para orquestra cinco sinfonías, tres movementos sinfónicos, dous concertos e un concerto de cámara.

A *Sinfonía núm. 2, H153* foi terminada en 1941 en plena ocupación nazi de Francia. Tratábase dun encargo que fixera en 1936 Paul Sacher para celebrar o décimo aniversario da súa Orquestra de Cámara en Basilea. Finalmente, a estrea tivo lugar o 23 de xaneiro de 1942 co Collegium Musicum de Zúric. O autor explicou que se trataba de música pura e que non buscara ningún programa, dato literario ou filosófico: «Se esta obra expresa ou fai sentir emocións é porque estas se presentan de maneira natural, xa que só expreso o meu pensamento a través da música e quizais sen ser absolutamente consciente». A sinfonía está escrita para corda e consta de 3 movementos: *Molto moderato. Allegro; Adagio mesto* e *Vivace non troppo-Presto*. Ao final unha trompeta *ad libitum* interpreta un coral en Re maior que segundo Tranchefort é «anunciadora dun tempo no que a luz brillará sobre a escuridade, premonición aínda incerta, pero confiada de vitoria e de paz».

Estes bos augurios poñen fin a un concerto diverso no que nos achegaremos a repertorio contemporáneo e clásico nunha proposta variada e rica en xéneros e estilos.

**Carme Tubío Barreira**

---

**PRÓXIMO CONCERTO**  
**ORIXES**

**XOVES 28 MAIO (18€)**  
**Auditorio de Galicia, 20.30h**

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**  
**Amandine Beyer, directora**

- Georg Friedrich Händel: Suite núm. 1  
en Fa Maior, da Música Acuática, HWV 348
  - Carl Friedrich Abel: Sinfonía núm. 4  
en Do Maior, Op. 17
  - Johann Christian Bach: Abertura e Suite  
de Amadis de Gaula
- 

**AUDITORIO DE GALICIA**

Avenida do Burgo  
das Nacións, s/n  
15705 Santiago  
de Compostela

**DESPACHO DE BILLETES**

981 571 026 | 981 573 979  
981 542 462

**OFICINAS**

981 552 290 | 981 574 152

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)

[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

**INSTAGRAM**

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)  
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

**FACEBOOK**

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)  
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

**X**

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

**TIKTOK**

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**FILHARMÓNIA**  
**DE GALICIA**

**2025/26**  
**30 ANIVERSARIO**

**AUDITORIO DE GALICIA**

